

1. A EDUCACIÓN EN GALICIA

PANORÁMICA DA NORMATIVA VIXENTE NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

ÍNDICE

1. A EVOLUCIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO.....	2
2. A LEXISLACIÓN EDUCATIVA VIXENTE.....	2
2.1. NORMATIVA XERAL DE ÁMBITO NACIONAL.....	2
2.1.1. Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE).....	2
2.1.2. Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional (LOCFP).....	2
2.1.3. Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).....	2
2.1.4. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).....	3
2.2. NORMATIVA BÁSICA REFERIDA ÁS DISTINTAS DISTINTAS ENSINANZAS: ACTIVIDADE DOCENTE	
2.2.1. Educación infantil e primaria: currículo e avaliación.....	4
2.2.2. Educación secundaria obrigatoria e bacharelato.....	5
2.2.3. Formación profesional básica e ciclos formativos.....	7
2.2.4. Ensino de persoas adultas.....	7
2.2.4. Ensino de réxime especial.....	8
3. RECURSOS PARA A PROCURA DE LEXISLACIÓN ACTUALIZADA.....	9

PANORÁMICA DA NORMATIVA VIXENTE NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

1. A EVOLUCIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO

A **Constitución española** de 1978 establece no seu artigo 27 a regulación do dereito á educación. A partir deste artigo configúrase o sistema educativo español, que foi obxecto de varios cambios lexislativos nas principais leis educativas.

Partindo deste artigo 27 da **Constitución** aprobouse no ano 1985 a **Lei orgánica reguladora do dereito á educación**, que aínda mantén a súa vixencia polo que respecta a algún dos seus artigos. Posteriormente aprobouse a Lei de ordenación xeral do sistema educativo (**LOXSE**), no ano 1990.

As dúas leis anteriores foron modificadas en determinados aspectos no ano 1995 pola Lei orgánica de participación, avaliación e goberno dos centros docentes (**LOPEG**). No ano 2002 produciuse un cambio importante na configuración do sistema educativo por medio da aprobación da **Lei orgánica de calidade da educación (LOCE)**, pero no ano 2006 produciuse unha nova reforma importante mediante a aprobación da **Lei orgánica de educación (LOE)**.

Finalmente, debe terse en conta que a devandita **LOE** foi modificada no ano 2013 pola **Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**.

2. A LEXISLACIÓN EDUCATIVA VIXENTE

2.1. NORMATIVA XERAL DE ÁMBITO NACIONAL

2.1.1. Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE)

A **LODE** mantén vixentes parte dos seus artigos, de xeito compatible coas normas posteriores.

Parte do dereito de todos á educación básica que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade. Configura a educación como obrigatoria e gratuíta nos niveis de educación xeral básica e na formación profesional de primeiro grao.

A **LODE** establece, asimesmo, os dereitos e deberes dos distintos implicados na comunidade educativa e regula os centros docentes, se ben parte das súas previsións ao respecto xa foron derogadas por normas posteriores. [Ligazón](#)

2.1.2. Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional (LOCFP)

A **LOCFP** ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación, que responda ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.

O elemento central arredor do que xirou a reforma levada a cabo por esta norma é o Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, que a lei define como o conxunto de instrumentos e accións necesarios para promover e desenvolver a integración das ofertas da formación profesional, a través do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, así como a avaliación e acreditación das correspondentes competencias profesionais. [Ligazón](#)

2.1.3. Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE)

A **LOE** é a lei que regula actualmente a estrutura do sistema educativo.



A **LOE** configura o sistema educativo español e establece a ordenación das seguintes ensinanzas: educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, ensinanzas de idiomas, ensinanzas artísticas, ensinanzas deportivas, educación de persoas adultas e ensinanzas universitarias.

A LOE dedica tamén un título á equidade na educación. Con respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo establece a obriga das administracións educativas de asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

A lei regula igualmente o profesorado, definindo as súas funcións e incidindo na súa formación tanto inicial coma permanente. Así mesmo, regula os centros docentes, tanto os públicos coma os privados e privados concertados, recoñecendo a autonomía dos centros docentes, que elaborarán, aprobarán e executarán un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as súas propias normas de organización e funcionamento do centro. [Ligazón](#)

2.1.4. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)

A **LOMCE** non derogou e substituíu a regulación da **LOE**, senón que a modificou só en parte, incluíndo diversos cambios que se incorporaron ao texto da **LOE**. As principais novidades da **LOMCE** as seguintes:

- A **LOMCE** introduciu cambios nos elementos do currículo, en particular, introduciu os estándares de aprendizaxe e modificou as competencias.
- Divíde as materias en troncais, específicas e de libre configuración autonómica.
- Establece as avaliacións individualizadas en terceiro e sexto de primaria e en cuarto da ESO e en bacharelato.
- Elimina os ciclos en Educación Primaria, organiza a etapa de Educación Secundaria en dous ciclos e establece unha dobre posibilidade para o cuarto curso, xa que o alumnado poderá optar por cursalo en ensinanzas académicas ou en ensinanzas aplicadas.
- Substitúe os programas de cualificación profesional inicial pola Formación Profesional Básica.
- Elimina os programas de diversificación curricular e crea os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
- Promove a autonomía dos centros docentes.
- Aumenta as competencias da dirección do centro e modifícase o procedemento de elección do director ou directora.

Con posterioridade á aprobación da **LOMCE**, como consecuencia do inicio do proceso tendente á aprobación do Pacto de Estado social e político pola educación, introducíronse diversos cambios na regulación introducida pola LOMCE, a través do **Real Decreto Lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da LOMCE**. [Ligazón](#)

2.2. NORMATIVA BÁSICA REFERIDA ÁS DISTINTAS DISTINTAS ENSINANZAS: ACTIVIDADE DOCENTE

2.2.1. EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA: CURRÍCULO E AVALIACIÓN

Educación Infantil : Normativa de ámbito estatal

- **Ensinanzas mínimas de Educación Infantil.** Real decreto 1630/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil.

[Ligazón](#)

Educación Infantil: Normativa de ámbito autonómico

- **Currículo de Educación Infantil.** Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galiza. [Ligazón](#)
- **Avaliación de Educación Infantil (2º Ciclo)** Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galiza. [Ligazón](#)

Educación Primaria: Normativa de ámbito estatal

- **Real Decreto 126/2014** polo que se establece o currículo básico da educación primaria. [Ligazón](#)
- **Cambios na implantación da LOMCE.** Cambios nas avaliacións xerais de primaria, eliminación do carácter académico das reválidas na ESO e criterios de acceso á titulación na ESO e no Bacharelato. Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. [Ligazón](#)
- **Proba de avaliación final.** Real Decreto 1058/2015, de 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de Educación Primaria establecida na Lei. [Ligazón](#)
- **Competencias, contidos e criterios de avaliación.** Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (20 de xaneiro de 2015) [Ligazón](#)

Educación Primaria: Normativa de ámbito autonómico

- **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e **Corrección de erros** (DOG do 10 de setembro de 2014). [Ligazón](#)
- **Avaliación de Educación Primaria.** ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galiza e **Corrección de erros** (só modifica anexos). [Ligazón](#)

2.2.2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO: CURRÍCULO E AVALIACIÓN

Normativa de ámbito estatal

- **Curriculo Básico:** Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato (modificado polo Real Decreto-lei 5/2016). [Ligazón](#)
- **Cambios na implantación da LOMCE.** Cambios nas avaliacións xerais de primaria, eliminación do carácter académico das reválidas na ESO e criterios de acceso á titulación na ESO e no Bacharelato. Real Decreto-Lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. [Ligazón](#)
- **Avaliación final da ESO e o Bacharelato.** Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato (modificado polo Real Decreto-lei 5/2016). [Ligazón](#)

Normativa de ámbito autonómico

- **Curriculo da ESO e do BACHARELATO.** Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza. [Ligazón](#)
- **Desenvolvemento da Organización e Currículo Bacharelato.** Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato en Galiza e e modificacións posteriores (DOG 03/08/2009 e DOG 26/04/2010) [Ligazón](#)
- **Implantación das Modalidades de Bacharelato.** Orde do 29 de maio de 2008 pola que se autoriza a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos de Galiza (Inclúe corrección de erros (20/06/2008) e ampliacións posteriores (DOG 16/07/2009, DOG 21/06/2010, DOG 23/08/2011 e DOG 23/08/2011). [Ligazón](#)
- **Materias optativas do Bacharelato.** Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta e ampliacións posteriores. [Ligazón](#)
- **Avaliación na ESO.** Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria e modificacións posteriores (DOG 08/02/2008 e DOG 24/06/2008). [Ligazón](#)
- **Competencias, contidos e criterios de avaliación.** Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (20 de xaneiro de 2015) [Ligazón](#)

2.2.3. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA E CICLOS FORMATIVOS

Normativa de ámbito estatal

- **Lei Orgánica 5/2002** de 19 de xuño das Cualificacións e da Formación Profesional. [Ligazón](#)
- **Ordenación Xeral da FP.** Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.(derroga o anterior RD 1538/2006 de 15 de decembro). [Ligazón](#)

Normativa de ámbito autonómico

- **Ordenación xeral da FP en Galiza.** Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galiza. (DOG 12/07/2010). [Ligazón](#)
- **Curriculos dos títulos profesionais básicos** en Galiza adaptados á LOMCE. [Ligazón](#)
- **Curriculos.** Consulta de currículos dos distintos ciclos formativos de FP, agrupados por familias profesionais. [Ligazón](#)

2.2.4. ENSINANZAS DE PERSOAS ADULTAS

Normativa de ámbito estatal

- **Lei 9/1992, do 24 de xullo,** de educación e promoción de adultos.[Ligazón](#)

Normativa de ámbito autonómico

- **Ordenación Xeral das ensinanzas de persoas adultas.** Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros. Inclúe modificación dada polo Decreto 126/2008 , de 19 de xuño. (DOG 23/06/2008). [Ligazón](#)
- **Estrutura e currículo da enseñanza básica para persoas adultas.** Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a EDUCACIÓN básica para as PERSOAS ADULTAS e se establece o seu currículo en Galiza. [Ligazón](#)
- **Ordenación do Bacharelato para persoas adultas. Modalidade presencial.** Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia. [Ligazón](#)
- **Ordenación da Educación Secundaria a distancia .** Orde do 25 de xuño de 1999 pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de educación secundaria para persoas

adultas na modalidade de educación a distancia no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galiza. [Ligazón](#)

- **Ordenación do Bacharelato a distancia.** Orde do 26 de abril de 2007 pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galiza. [Ligazón](#)

2.2.4. ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

Ensinanzas de idiomas de Réxime Especial. [Ligazón](#)

Ensinanzas de música. [Ligazón](#)

Ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño. [Ligazón](#)

Ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais. [Ligazón](#)

Ensinanzas de Arte Dramática. [Ligazón](#)

Ensinanzas de Danza. [Ligazón](#)

Ensinanzas deportivas. [Ligazón](#)

3. RECURSOS PARA A PROCURA DE LEXISLACIÓN ACTUALIZADA

Na actualidade existen diversos repositorios xurídicos nos que se pode consultar a lexislación actualizada. Entre eles, poden resultar de utilidade:

Presentación da LOMCE (MEFP)

<https://www.mecd.gob.es/educacion/mc/lomce/inicio.html>

Guía da LOMCE (EDU.XUNTA.GAL)

<https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce>

Máis información sobre o sistema educativo español (NARIC)

<http://www.educacionyfp.gob.es/contenidos/in/sistema-educativo.html>

Máis información sobre a Formación Profesional

<https://www.educacionyfp.gob.es/portada.html>

<http://todofp.es/inicio.html>

<http://www.edu.xunta.es/fp/>